Coidador/a para intervención directa sobre persoas con discapacidade intelectual

AS BURGAS
ASOCIACION CLUB RECREATIVO
OURENSE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro

Esta axuda esta cofinanciada nun 91,89% polo Fondo Social Europeo e a Iniciativa de Emprego Xuvenil, a través do Programa Operativo de Emprego Xuvenil.

Coidador/a para intervención directa sobre persoas con discapacidade intelectual





A Asociación Club Recreativo As Burgas o que pretende con esta actuación e dar unha oportunidade ós xovenes, de participar de xeito integral nas actividades das persoas con discapacidade intelectual, e de adquirir coñecementos e experiencia.

A Asociación As Burgas, como entidade prestadora de servizos sociais abrange por un lado o taller ocupacional e por outro o servizo de atención residencial.

As actividades que organiza a Asociación non solo son meramente ocupacionais (taller de transformación do plástico, serigrafía, troquelado, manipulación, tampografia) se non que realiza unha serie de actividades que cubren de xeito integral as necesidades das persoas con discapacidade intelectual.

O noso traballo e interdisciplinar, pois no momento de elaborar o Programa de Atención Indidualizado (PAI) de cada un dos usuarios participa todo ó personal da Asociación: psicólogo, logopeda, fisioterapeuta, educadora,profesores de taller, asi como as coidadores.

A incorporación de personal coidador permitirá axudar ó personal estable da Asociacion, a dar unha maior cobertura as actividades programadas.

Esta persoa permitirá atender as actividades de ocio, tempo de lecer, culturais dos usuarios do servizo de Residencia. De tal modo que dende que rematan as súas actividades de talleres ocupacionais podan ter un espazo de diversión, relaxación e coñecemento.

Do mesmo xeito servirá de apoio o persoal coidador do Centro Ocupacional na realización de talleres terapéuticos para aqueles usuarios/as que teñan as súas capacidades menos desenvolvidas.

As nosas actividades, levanse a cabo maiormente na provincia de Ourense, ainda que pódense extender a toda CCAA.

O procedemento de traballo parte dunha programación anual de actividades xerais a realizar o longo do ano: excursión anual, celebración do Magosto,Entroido,Nadal, Saídas Culturais e de Ocio. Ademais temos unha programación semanal especifica para cada uns dos usuarios da Asociación e que derivan do seu Programa de Atención Individualizada. Esta programación faise de for-

ma grupal en función das necesidades dos usuarios.

A persoa coidadora a contratar tera que levar a cabo xunto co resto do personal diversas actividades que se concretan nos seguintes talleres:

Taller Terapeutico: que consistira na elaboración de manualidades e actividades relacionadas co Entroido, Magosto e Nadal. Nestes talleres participann a maior parte dos usuarios.

Ximnasia de Mantenemento dous dias a semana con un grupo de 8 usuarios desplazarase ata o Pavillon do Concello de Barbadas, para a realización de exercicios básicos.

Taller de Conceptos básicos, no que se traballara elementos sinxelos: arriba-abaixo, adiante-detras.

Saidas de Ocio, tempo de lecer e culturais. Estas activades realizaranse os martes e os xoves. Estos dous dias participan os usuarios de Residencia en dous grupos alternos. O resto de actividades realizanse con usuarios do Ocupacional o longo da semana. O que se pretende tamén e que a sociedade entenda que as persoas con discapacidade intelectual poden realizar e participar en calquera tipo de actividade de forma continuada e normalizadora.

De todas estas actividades levarase un control das mesmas. Este control quedara reflectido nos correspondentes rexistros que pora a súa disposición a Asociación.

Localización do Servizo:

Na sede da Asociación Club Recreativo As Burgas.

Rúa das Burgas, 10 A Valenza. Barbadas. Ourense



Obxectivos do Coidador/a para intervención directa sobre persoas con discapacidade intelectual:

- Participar en colaboración co resto do personal da Asociación na elaboración do Programa de Atención Individualizado dentro do seu campo de actuación.
- Favorecer a participación dos usuarios nas actividades de ocio, lecer e culturais que se desenvolvan, realizando os apoios necesarios.
- Colaborar nas tarefas de entrenamento conceptual, social e prácticas que poidan ser elaboradas polo persoal técnico cualificado, proporcionado os apoios necesarios para satisfacer as necesidades afectivas, persoais e materiais das persoas atendidas mellora da independencia, relación

- Facilitar a súa autonomía e independencia, asi como a participación da persoa con discapacidade intelectual no comunidade e no seu benestar persoal.
- Prestar os apoios necesarios para adquisición de hábitos na vida cotía.
- Efectuar os controis e rexistros pautados, anotando as incidencias respecto as persoas atendidas na Asociación.

O que se pretende e que a persoa contratada leva a acabo actividades de dinamización do ocio, do tempo lecer, e culturais de xeito especial cos usuarios do Servizo de Residencia pero abranguendo o resto dos usuarios do Centro Ocupacional, participando no día a dia da Asociación. Que favorezca a autonomia personal e a independencia das persoas con discapacidade intelctual.

Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro

AS BURGAS
CENTRO OCUPACIONAL E RESIDENCIAL
Plena inclusión Galicia

ISO 9001
BUREAU VERITAS Certification

MEMORIA GLOBAL DOS SERVIZOS A RELIZAR POLO CUIDADORA NA ASOCIACION CLUB RECREATIVOS AS BURGAS

Unha persoa en situación de dependencia considerase aquela persoa que viu mermada a súa capacidade para poder desenvolverse por si mesma no seu día a día, ven por problemas de saúde física, psíquica e/ou mental o pola afectación das súas capacidade perceptivo-cognitivas e/ou sensoriais.

Os coidados que precise cada persoa en situación de dependencia seran diferentes, e estarán en función das capacidades residuais conservadas por esta persoa e da actitude que manteña ó mesmo e o coidador e/ou persoas que lle rodean fronte a nova situacion.

A intervención coas persoas con Discapacidade Intelectual terán como obxectivo facilitar e mellorar a adaptación das persoas con discapacidade intelectual nos diferentes ámbitos da vida, sobre todo nas que teñan mas dificultades para poder ser verdaderamente autonomos, tendo en conta tanto o ambiente laboral do Centro Ocupacional (acompañamento) como o parte de desenvolvemento social de cada unha das persoas con Discapacidade Intelectual.

O obxectivo primordial sera que se adquiran unha serie de habilidade funciónais para a súa propia vida polo que se fai necesario traballar a partir das multiples situacion que a propia vida real lle ofrece.

Partimos de que na Asociación Club Recreativo As Burgas e no seu Centro Ocupacional todalas persoas son adultas e as relacions han de ser unha resposta as propias desta etapa vital.

A relación do cuidador/a co usuario debera estar presidida polo respeto a súa pesoa e as súas características, necesidades e intereses persoais. Un aspecto a ter en conta, sera a intimidade da persoa, tanto a nivel físico: ofrecendo o apoio a traves dunha persoa do mesmo sexo en situación de vestiario ou en aspectos da hixiene intima, como a nivel da información persoal: levandose a cabo nos espazos e coas persoas axeitadas e coa máxima confidencialidade.

Función especificas do cuidador/a:

- ☑ Realizar as axudas necesarias aos usuarios na realización das actividades de coidado, vestido, hixiene e aseo persoal sempre que estes necesiten dos seus servizos.
- ☑ Realizar as axudas necesarias aos usuarios na realización de actividades dirixidas á adquisición de hábitos alimentarios e de desenvolvemento na mesa
- ☑ Acompañar o usuario nas actividades, saídas, paseos, xestións e excursións.
- ☑ Solicitude, recollida e administración dos medicamentos pautados o usuario polo medico correspondente.
- ☑ Participar nas actividades de Ocio e Tempo Libre
- ☑ Detectar e comunicar as incidencias con usuarios
- ☑ Cumprir cos requisitos que lle sexan aplicables conforme o sistema de Calidade
- ☑ Detectar e comunicar todas as incidencias no seu posto de traballo, asi como asi como as necesidades de formación.

Inscrita na Sección Primeira Rexistro Nacional de Asociacións co núm. 15.074 e Provincial núm. 116 – Inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma Galega co núm. S-276. – Membro numerario da Confederación Española de Organización a favor das persoas con Retraso Mental (FEAPS).Membro da Federación de Asociación a favor das Persoas con Retraso Mental de Galicia (FADEMGA) – Membro Fundador da Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das Persoas con Discapacidade Intelectual Special Olympics Galicia.Declara de Utilidade Pulbica o 3 de Xuño de 2015. Rúa das Burgas nº 10. A Valenza.32002 Ourense.
Teles : 988 23 30 82 Fax: 988 26 98 17 NIF: G-32009318 E-mail: asburgas@acrasburgas.com

CONFIDENCIALIDADE :Dacordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informamóslle de que os seus datos persoais forman parte dun ficheiro do que é responsable a ASOCIACIÓN CLUB RECREATIVO AS BURGAS con enderezo social en Rúa das Burgas 10, 32002 A Valenzá (Ourense). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a xestión, control e mantenemento da relación existente entre ambas partes. Se o desexa podera exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindose por escrito o enderezo sinalado, axuntado unha fotocopia do seu DNI.